

Editorial

Como se dicía no anterior número de *CROA*, esta revista naceu en 1991 como Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, pero co paso do tempo converteuse no órgano de expresión científica e difusión cultural da propia entidade institucional.

A piques de se cumprir o cuarto de século da nosa publicación pode ser útil facer un breve repaso pola súa historia e evolución, pois calquera que coñeza a colección pode comprobar a enorme diferenza que hai entre o primeiro número de 1991 e este mesmo que fai o número 24. Adiantemos xa que a colección completa de *CROA* está recollida no sitio web da Asociación de Amigos (www.aaviladonga.es) e as súas portadas tamén acompañan este texto editorial.

Pódense establecer tres grandes etapas para *CROA*. Comezou sendo unha especie de boletín (de aí o seu nome) de difusión interna entre os asociados, denominado Croa en referencia á coroa ou acrópole central do xacemento, e naceu sobre todo para informar das actividades da entidade creada dous anos antes, en febreiro de 1989, se ben xa desde o primeiro número se incluíron breves artigos e traballos sobre temas patrimoniais e histórico-arqueolóxicos no máis amplo sentido.

Por esa razón, nesta primeira etapa, na que se utilizou un deseño ideado por Manuel Díaz Díaz (traballador do Museo naquela altura) xogando co perfil horizontal do xacemento na paisaxe, pasouse das 8 páxinas do número inicial ás 82 do número 8 de 1998 e, salvo no nº 1, as portadas xa ofrecían unha imaxe definida e representativa deste conxunto patrimonial como se pode comprobar nas ilustracións que se xuntan. A presenza de artigos e estudos, moitos deles referidos a temas do propio xacemento e Museo de Viladonga, foi cada vez a máis nesas oito primeiras entregas, sempre anuais aínda que hai que facer constar que os números 2 e 3 se reuniron nun só xuntando os correspondentes aos anos 1992 e 1993, non tanto por problemas económicos como organizativos e de dispoñibilidade de autores e orixinais. Todos estes números foron deseñados e editados na Imprenta Breogán, de Lugo.

CROA publicábase nos primeiros anos en branco e negro, se ben no nº 5 (1995) xa aparecían algunhas fotografías en cor (e en sepia), pero non será ata a vindeira etapa, en concreto no nº 16 (2006) en que a revista pasa a ser editada a toda cor, coincidindo en boa

medida co paso da edición á Consellería de Cultura e Deporte como logo se dirá.

Cómpre destacar que, agás nalgunha ocasión -moi poucas- en que a revista saía á luz a comezos do ano seguinte, *CROA* sempre se publicou nos últimos dous meses do ano correspondente, o cal non é pouco mérito, tanto antes como agora, e mesmo nestes últimos tempos ve a luz a mediados do ano sinalado na súa portada por mor de axustes e constrinximentos orzamentarios.

Unha segunda etapa de *CROA* ábrese co nº 9 (de 1999), no que se produce un notable cambio no deseño. Aínda xogando de novo coa imaxe da croa do Castro, introdúcese un novo e máis atractivo colorido (azul e amarelo) nas portadas e incorpórase ao deseño xeral o nome de Luís Montero ao tempo que a revista pasou a editarse na imprenta Unicopia, tamén lucense, feito este que habería de perdurar oito anos (ata o 2006 inclusive).

Neste período as páxinas oscilan entre as 56 do nº 9 ata as 104 do nº 16, e os artigos e traballos vanse facendo máis extensos e variados, sempre dentro dos temas patrimoniais arqueolóxicos, etnográficos, artísticos e, en xeral, históricos, tanto da Chaira como de toda Galicia e aínda de fóra dela, e adquirindo carta de natureza seccións como a dedicada á reedición de vellos textos referidos a Viladonga ou a destinada a dar a coñecer outros museos e coleccións, sección esta que continúa hoxe aberta.

É ó final desta segunda etapa cando *CROA* pasa a ser, desde o nº 15 de 2005, unha publicación editada pola Xunta de Galicia e, por tanto, convertida no Boletín de expresión científica e de difusión cultural do propio Museo, recordemos que de titularidade estatal pero coa xestión transferida á Comunidade Autónoma galega. Así, xa aparece desde entón a referencia á Consellería nos créditos e na contraportada da revista, se ben isto non impediu que seguira estando presente a mención á Asociación de Amigos, como iniciadora e sustentadora da revista durante moitos anos e, aínda hoxe, colaboradora activa na súa preparación e difusión. Noutras palabras, tendo en conta as orixes da publicación e, a maiores, a colaboración que antes e agora sempre prestou aquela Asociación de Amigos, este Boletín mantén ese dobre valor e significación, que xunta o papel institucional do centro co apoio


explícito da comunidade social sen o cal sería impensable mesmo a súa existencia.

A terceira etapa de *CROA* abrangue, xa pois como Boletín do Museo e, de por parte, da Asociación, desde o nº 17 (2007) ata o presente número 24, e ofrece como gran cambio un novo deseño, da autoría de Segundo Fernández da empresa Sond3, obviamente tamén de Lugo. Como se pode ver nas ilustracións anexas, o cambio de imaxe é case total e non só na portada, na que varían anualmente as cores utilizadas, senón tamén nalgúns aspectos do deseño interior, pero hai que resaltar que os principios e criterios da revista veñen manténdose nos seus aspectos fundamentais, e segue dando cabida a traballos moi variados e non só referidos á Terra Chá ou á zona lucense, un *leit-motiv* na historia da publicación, senón tamén doutras áreas peninsulares.

Cremos que a continuidade de *CROA* está garantida, mesmo como publicación impresa e sen prexuízo da súa aparición no devandito sitio web, pero sen desbotar que algún día teña que pasar a ser unha publicación tan só dixital, como sucede con tantas outras revistas similares que houbo que dar de baixa nos ficheiros como papeis "físicos" impresos.

Pois é certo que *CROA* serviu de xeito fundamental e decisivo para axudar á formación da importante e utilísima biblioteca auxiliar especializada do Museo por medio dun extenso e variado intercambio bibliográfico, aínda que hoxe este intercambio, por todas as razóns antes aducidas sofre un acusado parón por non dicir un notable descenso.

En calquera caso e para rematar, *CROA* evolucionou moito desde as súas orixes ata pasar a ser hoxe o Boletín do Museo, pero isto non sería posible sen a constante e activa presenza da súa Asociación de Amigos e, igualmente, sen a colaboración dos moitos autores e autoras que, ao longo dos 24 números publicados ata agora, se prestaron a transmitir coñecementos e informacións e, a maiores, para axudar a difundir e potenciar os valores deste conxunto patrimonial que conforman o Museo e o Castro de Viladonga. Que o sigan facendo, *ad multos annos*.



Post scriptum.

Cando este número de CROA estaba xa en preparación na imprenta, faleceu en Vilalba aos 94 anos don **José M^a Ramil Soneira**, consocio da nosa Asociación de Amigos desde o ano 1990.

José Ramil foi un exemplo de médico vinculado ao medio rural, aínda que tamén prestou servizos como radiólogo na cidade de Lugo, pero sendo moi importante o inxente labor que fixo neste ámbito - e diso poden dar fe moitas familias vilalbesas, chairegas e lucenses en xeral -, Ramil foi moito máis que iso, e así quedou reflectido, por exemplo, na homenaxe que, organizada pola Asociación Cultural Xermolos, se lle tributou en 1995 no San Alberte de Parga e publicada no nº 2 de *Guieiros* ao que pertence a fotografía que aquí se acompaña.

Home de moi amplos saberes, que el sempre gustou de contrastar empiricamente, pódese considerar o pioneiro e introdutor da arqueoloxía experimental en Galicia, aplicada sobre todo ás etapas prehistóricas. Investigou o Paleolítico e o Epipaleolítico galego cando ninguén o facía, descubriu xacementos de sílex, que se negaban para Galicia, e estudou todo o relacionado coa talla e pulido sobre todo tipo de materiais pétreos, pateou practicamente todo o megalítico do norte de Galicia, descubriu xacementos romanos, recolleu datos e informacións de todas as épocas históricas e, ademais, entendeu e explicou como ninguén o patrimonio natural, desde as paisaxes ata a herba máis miúda, desde os penedos graníticos ata o máis raro insecto, é dicir, todo aquilo que axudaba a contextualizar todos aqueles períodos da nosa historia.

Mestre impagable e incansable en tantos temas e sempre leal nos seus afectos, José Ramil foi tamén un bo amigo e valedor do Castro e do Museo de

Viladonga, que coñeceu e difundiu nos albores da andaina patrimonial deste conxunto arqueolóxico e museístico. Logo, desde o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba que el conseguiu crear con non poucos esforzos, estableceu uns vínculos moi positivos de colaboración con outras entidades culturais entre as que sempre estivo presente esta de Viladonga.

A súa figura, que fisicamente non era moi grande, pasa a ser enorme e impresionante na historia da arqueoloxía e a prehistoria galegas,- e en moitas máis cousas, tamén no trato humano -, e por iso é de absoluta xustiza lembralo neste número de CROA, que a el queda dedicado.

